

No tranvía con Ricardo Mella

Iria Presa Arjones

Universidade de Vigo, Galicia

1º setembro, 2013

(...) Bebo, como y fumo a un mismo tiempo. Mi pensamiento errante por los internos senderos que concluyen en los rincones ignorados del organismo. Medito. No soy el mismo ciudadano de la calle, del trabajo, de la vida ordinaria. Soy el que no sale jamás a la superficie. En todo hombre existe un yo ignorado, ignorado hasta después de la muerte.

Inconscientemente voy haciendo mi propio proceso psicológico. Hay dos sujetos que al reconocerse se sienten extraños. Ahora empieza el sujeto pasional, en paños menores. ¡Cuántas locuras haría! El otro está domado por el desarrollo de la mentalidad. El conocimiento de la matemática impone silencio a la imaginación, frena las pasiones, pone vallas a la actividad creadora.

Bulle por dentro la agitación de la vida violenta, desordenada. Exaltación, delirio, ensueño, pugna por salir a la superficie. Por fuera el continente es frío, reflexivo, silogísticamente sereno. Un teorema algebraico tiene cierto poder mágico. Gobierna, dirige y aprisiona la inflexible lógica del número.

Padres: ¡No enseñéis a vuestros hijos matemáticas, porque ellos serán modestos, prudentes, cobardes, pequeños! Las grandes cosas son obra del ingenio libre, del sentimiento estético, de la pasión indómita...

el topógrafo
Ricardo Mella

As anteriores palabras pertencen ao vigués Ricardo Mella, un home que fóra de ser inimigo da ciencia e da matemática tivo sempre plena confianza nestas e no progreso que elas achegaban. Mais, tal e como amosa o texto previo, Mella non foi reaccionario nin dogmático senón que sempre tivo a súa mente aberta á hora de ter en conta pros e contras de toda actividade, ciencia ou sentimento.

Presentar a Ricardo Mella e con el a súa obra -materia do noso estudio- non resulta unha tarefa doada ao ser autor dun número aínda non determinado de artigos e textos nun amplo número de revistas e xornais que abranguen a xeografía de todo o mundo. Coñecido polo seu pensamento depurado e a súa brillante pluma, -máis que polas súas capacidades oratorias- os seus textos foron elixidos para inaugurar diversas editoriais, revistas ou grupos de propaganda anarquista, así como obxecto de varias traducións. Deste xeito, podemos dicir que Mella dedicou case toda a súa vida á propaganda dos ideais libertarios e da revolución social. El mesmo fundou xornais, traduciu a autores ácratas -Bakunin, G.C. Clemens ou Kropotkin- e escribiu relatos e ensaios, entre os que destacan os presentados aos Certames Socialistas de Reus, Barcelona en 1885 e 1889. Mais o xornalismo e a escritura non deixou de ser a súa vocación e non o seu oficio dado que, profesionalmente, dedicouse á topografía. Logo, de buscarmos a voz "topografía" nun dicionario quedamos coa dúbida de se estamos ante un artista, un técnico ou un científico ao non haber unanimidade na definición desta. Mais do que non cabe dúbida é que Mella foi un *arte-sán*, fillo de *arte-sáns* e como tal defendeu ao obreiro manual fronte ao intelectual e traballou incansablemente pola educación do pobo campesiño e proletario.

Actualmente, o que se coñece de R. Mella, sobre todo, as persoas que viven na súa cidade natal -Vigo- é máis ben pouco ou nada. Unha gran avenida e un instituto levan o seu nome, no cemiterio civil de Pereiró un ostentoso mausoleo custodia os seus restos, porén, non hai unha librería onde mercar a recompilación dos seus escritos nin case persoas que coñezan que foi un dos teóricos máis representativos e lúcidos do anarquismo. Soledad Gustavo na *Revista Blanca*, tras a morte do vigués ao falar da obra mellana sinala: "Hablar de la labor ideológica de Ricardo Mella, es hablar de la edad de oro del anarquismo español. Mella compendia toda una época de iniciación y de divulgación de los ideales emancipadores que definió magistralmente en todos sus escritos" (*Revista Blanca*, Madrid, 15-9-1925).

Así, a labor propagandística de Ricardo Mella -non recompilada na súa totalidade- levaría máis páxinas das que dispoñemos e, neste caso, non é esta a finalidade do traballo. O que aquí hoxe pretendemos, alén de rescatar do esquecemento a este autor, é facer unha pequena viaxe polos escritos mellanos centrándonos na ciencia e na educación para así ter unha visión xeral de cal era a súa posición ante estas materias que son eixo central do seu pensamento libertario. Deste xeito, re-lendo as súas propias palabras, máis que interpretándoas, poderemos observar abertamente a lucidez e o racionalismo da súa obra. Subimos, pois, con R. Mella no tranvía do seu pensamento...

- **1ª parada: Ciencia**

Ao pasear polos textos mellanos atopámonos con que a voz "ciencia" vai estar presente nunha gran parte dos seus artigos e ensaios dado que Mella foi un positivista que depositou gran confianza no progreso e nos avances científicos. Quizais por esta razón que decidiu traducir e prologar *La ciencia moderna y el anarquismo* de Kropotkin. Así, no prólogo atopamos a conxugación entre ciencia e anarquía promulgada por Kropotkin e respaldada por Mella xa que a obra do ruso serve como "comprobación de que la idea anarquista no es un sueño de ilusos, sino esencialmente derivación necesaria de las modernas teorías científicas", de aí que a anarquía sexa a: "expresión sintética de la filosofía natural fundada en los descubrimientos científicos más recientes y se propone no sólo la reedificación de la sociedad, sino la reconstrucción del conocimiento".

Así, para ambos autores a anarquía vai ser a expresión máis natural da sociedade, "a máxima expresión da orde" como adiantara Élisée Reclus. De aí que máis adiante Mella continúe: "No es la anarquía un *forzamiento* de las cosas. Es el desenvolvimiento natural y continuo de todos los elementos de integración vital que están contenidos en la Humanidad, trátase del individuo o de las agrupaciones sociales". Mais sempre tendo en conta a pluralidade, de aí que este sinale que para que o anarquismo teña éxito "no puede encerrarse en la monomanía de un procedimiento único. Por el contrario, supone la más grande variedad de procedimientos, la más grande variedad de aplicaciones, la más grande variedad de resultados". Idea que vai estar moi presente no concepto mellano de educación ao avogar este pola multidisciplinalidade.

Con todo, Mella non vai a ter en conta a ciencia tan só para xustificar cientificamente a anarquía como o sistema social máis orgánico, senón que esta vai ser un dos pilares base da nova sociedade ao contribuír positivamente á liberación da humanidade do seu sometemento. A proba disto atopámola no texto *Breves apuntes sobre las pasiones humanas* (1889), onde o vigués ponse por tarefa principal responder á pregunta de se nunha sociedade verdadeiramente libre as paixóns humanas poden ser causa de inharmonía social. Pero para poder contestar esta antes ten de resolver moitas outras. Entramos na Xustiza "la más magistral de todas las ciencias" e damos con esta cuestión:

¿En qué condiciones hemos de llegar a esta exaltación de la dignidad personal, tan rebajada por siglos de abyección religiosa e ignominia gubernamental? ¿En qué condiciones este ideal de la Justicia puede llegar a realizarse?

Contestare sencillamente a estas dos preguntas: las condiciones necesarias de esta gloriosa transformación son: la libertad, el pan y la ciencia, La libertad, porque ella restituirá al hombre a su soberanía, a la integridad de sus actos, a la autonomía de su conciencia y a la razón, arrancándole de la esclavitud de la Iglesia y del Estado. El pan, porque sin la plena satisfacción de las necesidades de la alimentación, vestido, etc., no puede haber hombres dignos y libres, sino seres disminuidos, sumisos al que paga y al que manda, depauperados por el hambre, agotados por la miseria. La ciencia, porque ella edificará en la conciencia y en la razón de los hombres todo lo que no han podido edificar ni la religión ni el Estado: mutualidad, respeto, bondad, equidad, justicia.

Agora ben, sen esquecer que por riba da ciencia sempre vai estar a persoa e as súas necesidades vitais:

Las sociedades humanas están, sostenidas tanto por las necesidades materiales como por los sentimientos morales. La ciencia es una corroboración. La lógica pura un resultado. La vida no es un teorema porque es algo más que un teorema. Se puede pasar sin ciencia; no así sin alimentos y sin afectos. La fisiología es antes que la lógica.

Posto que por moito que a ciencia colabore a crear unha sociedade mellor, se as persoas non logran satisfacer as súas necesidades vitais máis elementais, os avances desta servirán de pouco. Moitos anos máis tarde -en 1910- ante o recente descubrimento da arsfenamina que curaba a sífilis, Mella vai escribir:

Curarán la sífilis, pero los sifilíticos se multiplicarán mañana; como hoy y como ayer. Curarán la tuberculosis y los tísicos retornarán en el campo y en la ciudad, siempre igual. Ellos no suprimen ni el mal ni sus causas, y el mal resurgirá siempre porque sus causas persisten. Un remedio cura, pero no previene la dolencia. Aun con las vacunas inmunizantes, la viruela y otras enfermedades análogas continúan haciendo estragos. Todo lo que se ha conseguido es disminuir el número de víctimas, que no es ciertamente poco. Para que los esfuerzos de los sabios fueran del todo eficaces, sería necesario que paralelamente a su obra humanitaria se cumpliera otra obra de liberación de justicia, de igualdad. Porque mientras haya hambrientos, habrá tísicos: mientras haya prostitutas y sátiros monos, habrá sifilíticos. (...) Entretanto, ¡bien haya el magnánimo empeño de los sabios, porque él nos alienta a otros empeños que un día u otro harán fructíferos los grandes éxitos de la ciencia actual! -*Acción Libertaria*, nº. 5. Gijón, 16 de diciembre 1910-.

Este texto, que fala abondo por si mesmo, vai ser o que peche esta primeira parada de ciencia. Agora, sen esquecer o seu rastro, encamiñámonos cara unha nova crítica intimamente ligada con estas últimas palabras do vigués con relación aos sabios. Mais antes de cambiar de punto, imos recapitular as diferentes relacións que R. Mella establece entre ciencia, sociedade e anarquía. Deste xeito temos que, en primeiro lugar e seguindo a Kropotkin, a ciencia vai servir para respaldar formalmente a organización anárquica ao ser esta a expresión máis natural de orde. En segundo lugar, a ciencia ten der ser alicerce da nova sociedade ao liberar ás persoas das crenzas metafísicas que provocan o seu sometemento. E, por último, teríamos a "inutilidade" da ciencia ante calquera sociedade onde as necesidades fisiolóxicas máis básicas non estean garantidas.

Tendo en conta estas concepcións, entramos nunha nova parada, a da crítica da erudición fronte á defensa do traballo manual.

- **2ª parada: Brazo e Cerebro**

A defensa do pobo campesiño, mariñeiro e proletario sempre foi unha das temáticas principais dos textos ácratas. R. Mella non quedou fóra desta e levouna a cabo coa evidente intención de alentar a todas aquelas persoas que o canon social situaba na escala máis baixa da cadea para que estas non se sentiran subordinadas. Segundo el, ante o desprezo e o odio era preferible o odio xa que este provocaba a rebeldía fronte ao primeiro que provocaba a humillación.

Así, por exemplo, no texto *A los campesinos* encontramos "Mientras la química no subministre las deseadas pastillas a la burguesía cruel, pletórica, sin los frutos del campo no hai vida posible. Ejerced vuestro derecho: o alimento para todos o hambre para todos". Esta chamada de atención ao sometido campesiñado completase con outros artigos como "Brazo y Cerebro" ou "Hipérbole intelectualista" dos que agora leremos uns fragmentos. Mais antes cómpre recordar a labor de alfabetización que o movemento ácrata vai desenvolver ofrecendo aulas gratuítas en ateneos e redaccións de xornais para así lograr a emancipación do pobo máis desfavorecido posto que, por moito que escribieran, se a quen ía destinado o escrito non sabía ler, este resultaba inútil. Tendo en conta isto, podemos xa entrar nos textos onde R. Mella, vai igualar a importancia do traballo manual e o intelectual:

(...) Es absurda la distinción de obreros intelectuales y obreros manuales. Todo hombre tiene necesidad y debe trabajar de una manera útil para sí o para sus semejantes. En la realización del trabajo no hay más que iguales: productores. El que no produce es un zángano. Que saque la consecuencia quien quiera.

La hipérbole intelectualista, a más de ridícula, es indigna de hombres que se estimen. El talento no necesita heraldos ni motes. Una virtud sencilla y modesta vale más que todos los ditirambos de la sabiduría cursi. Seamos sencilla y modestamente virtuosos. -*Natura*, nº. 1. Barcelona, 1º octubre 1903-.

Anos máis tarde, R.Mella achegaría novos escritos defendendo esta posición e, incluso, suxerindo -para provocar- a superioridade da actividade manual fronte á intelectual:

(...) Soy de los primeros en reverenciar las cualidades sobresalientes de los hombres; soy de los primeros en rechazar toda preponderancia aunque venga revestida de los mejores métodos. Nadie sobre nadie. Si hubiera primeros y últimos entre los hombres, el último de los productores sería tanto como el primero de los genios. El saneamiento de una alcantarilla no es menos importante que la más genial de las creaciones artísticas.

Y si descendemos un poco, vale mucho más el pocero que limpia las atarjeas que cuantos, desde las alturas del poder y de la gloria, embaucan a la humanidad con sus bellas mentiras. Natura no distingue de sabios e ignorantes, de refinados y zafios. Todos, igualmente, animales que comen y defecan. El desarrollo intelectual y afectivo puede constituir una ventaja personal y derivar en provecho común, nunca fundar un privilegio sobre los demás. (...)

Brazo y cerebro son partes de un todo armónico que llamamos hombre. En el reino de la Naturaleza todos los hombres son equivalentes, cualesquiera que sean las diferencias orgánicas que los distinguen. De la desigualdad nace precisamente el principio de la igualdad social: que cada uno pueda, según sus aptitudes de desenvolvimiento, desenvolverse sin trabas ni cortapisas.

Conceder mayor importancia al cerebro que al brazo es reconocer un privilegio como otro cualquiera. La anarquía los repudia todos. -*Acción Libertaria*, nº. 8, Madrid, 11 julio 1913-.

Estamos pois ante unha defensa evidente do pobo considerado máis "baixo" en prol da igualdade entre as persoas. Porén, aínda que R. Mella sempre defendeu a necesidade do traballo manual, nunca deixou de lado o afán por ilustrar e alfabetizar a todas aquelas persoas que traballaban manualmente. Dado que de non ser así, a intelectualidade faría por manter a toda esa xente indefinidamente subordinada e sometida ao non poderen estes defenderse das leis promulgadas polo Estado. Por iso, imos a baixar desta plataforma para chegar xa a unha nova parada: a da educación e as bases que esta debe conter para lograr formar persoas libres.

- **3ª parada: Educación libertaria**

O desenvolvemento intelectual, pese as críticas á intelectualidade que Mella poida facer -froitado do seu enfado con todas aquelas persoas que abusan dos seus coñecementos para dominar ás que non están a súa "altura"-, vai ser outra parte importante dos cimentos do seu ideario. De feito, o dereito a satisfacer por igual as necesidades fisiolóxicas, intelectuais e morais da humanidade é unha das súas máis constantes reivindicacións.

Mais, o vigués non vai defender unha ensinanza anarquista ou racionalista, senón que este avogaría por unha educación que, ao igual que a súa anarquía, non acepta adxectivos. Esta ten de ser multidisciplinar -amosar ás crianzas a diversidade de ideoloxías e materias que existen para que estas sexan libres de escoller- e a súa única finalidade ha de ser a de lograr formar persoas libres e independentes que non estean supeditadas a ninguén nin a nada:

(...) En términos claros y precisos: la escuela no debe, no puede ser ni republicana, ni masónica, ni socialista, ni anarquista, del mismo modo que no puede ni debe ser religiosa.

La escuela no puede ni debe ser más que el gimnasio adecuado al total desarrollo, al completo desenvolvimiento de los individuos. No hay, pues, que dar a la juventud ideas hechas, cualesquiera que sean, porque ello implica castración y atrofia de aquellas mismas facultades que se pretenden excitar.

Fuera de toda bandería hay que instituir la enseñanza, arrancando a la juventud del poder de los doctrinarios aunque se digan revolucionarios. Verdades conquistadas, universalmente reconocidas, bastarán a formar individuos libres intelectualmente.

Es cosa muy distinta explicar ideas religiosas a enseñar un dogma religioso; exponer ideas políticas a enseñar democracia, socialismo o anarquía. Es necesario explicarlo todo, pero no imponer cosa alguna por cierta y justa que se crea. Sólo a este precio la independencia intelectual será efectiva.

Y nosotros, que colocamos por encima de todo la libertad, toda la libertad de pensamiento y de acción, que proclamamos la real independencia del individuo, no podemos preconizar, para los jóvenes, métodos de imposición, ni aun métodos de enseñanza doctrinaria.

La escuela que queremos, sin denominación, es aquella en que mejor y más se suscite en los jóvenes el deseo de saber por sí mismos, de formarse sus propias ideas (...). -*Acción Libertaria*, nº. 5. Gijón, 16 diciembre 1910-.

Dado que de pretender ofrecer unha educación libertaria xa desde a infancia o que se faría sería unha obra antilibertaria e, polo tanto, dogmática ao frear o libre desenvolvemento da capacidade de pensamento e decisión da mocidade:

(...) No, no tenemos el derecho de imprimir en los vírgenes cerebros infantiles nuestras particulares ideas. Si ellas son verdaderas, es el niño quien debe deducirlas de los conocimientos generales que hayamos puesto a su alcance. No opiniones, sino principios bien probados para todo el mundo. Lo que propiamente se llama ciencia, debe constituir el programa de la verdadera enseñanza, llamada ayer integral, hoy laica, neutra o racionalista, que el nombre importa poco. La sustancia de las cosas: he ahí lo que interesa. Y si en esa sustancia está, como creemos, la verdad fundamental del anarquismo, anarquistas serán, cuando hombres, los jóvenes instruidos en las verdades científicas; pero lo serán por libre elección, por propio convencimiento, no porque los hayamos modelado, siguiendo la rutina de todos los creyentes, según nuestro leal saber y entender.

(...) Se olvida sencillamente que el anarquismo no es más que un cuerpo de doctrina y que por firme y razonable y científica que sea su base, no se sale del terreno de lo especulativo, de lo opinable y, como tal, puede y debe explicarse, como todas las demás doctrinas, pero no enseñarse, que no es igual. Se olvida asimismo que la verdad de un día es el error del día siguiente y que nada hay capaz de establecer, sólidamente, que el porvenir no se reserva otras aspiraciones y otras verdades.

Y se olvida, en fin, que estamos nosotros mismos prisioneros de mil prejuicios, de mil anacronismos, de mil sofismas que habríamos de transmitir necesariamente a las siguientes generaciones si hubiera de prevalecer el criterio sectario y estrecho de los doctrinarios del anarquismo.

(...) Como anarquistas, precisamente como anarquistas, queremos la enseñanza libre de toda clase de *ismos*, para que los hombres del porvenir puedan hacerse libres y dichosos por sí y no a medio de pretendidos modeladores, que es como quien dice redentores. -*Acción Libertaria*, nº, 11, Gijón, 27 enero 1911-.

A lectura dos textos mellanos é a mellor forma de comprender o que é verdadeiramente unha ensinanza neutral posto que a súa pluma –tradución manual do seu pensamento- elucida moito máis que calquera interpretación que podamos facer dos seus escritos. De feito, en materia de ensinanza os artigos do libertario –na miña opinión- constitúen un legado imprescindible para todas aquelas persoas que queiran dedicarse a ensinanza ao ser estes abertamente diáfanos:

Explicar y enseñar no son sinónimos, aun cuando toda enseñanza suponga previa explicación. Se explican muchas cosas sin que haya propósito de enseñarlas. Cuando se declara o da a conocer lo que uno opina, cuando se dan detalles o noticia de una doctrina, de un suceso, etc., se explica al oyente la opinión, la doctrina y el suceso para enseñarlas o para repudiarlas, según los casos.

(...) Un ejemplo entre mil aclarará esa diferencia. Se abre un libro cualquiera de geografía elemental, y en la parte que trata de la astronomía se halla en primer término la explicación del sistema de Tolomeo, que supone la tierra en el centro del Universo y a todos los demás cuerpos girando alrededor de ella. Viene en seguida el sistema de Copérnico, que considera el Sol fijo y los planetas girando a su alrededor. Y se agrega: *este último sistema es el admitido en el día*.

La cosa es clara; se explica o da a conocer el primero; se explica y se enseña el segundo. No se enseña aquél porque se le tiene por erróneo.

Adviértase que si el profesor es concienzudo, ni aun el sistema de Copérnico enseñará sin reservas, porque nada nos permite asegurar que en el sistema del universo no hay algo más que la teoría heliocéntrica. Por eso se dice solamente que es *el admitido en el día*, en lugar de darlo dogmáticamente como verdadero.

(...) Cualquiera, pues, que sea la base de una doctrina política, económica o social, y por grande que sea el amor que por ella sintamos, nuestro debido respeto a la libertad mental del niño, al derecho que le asiste de formarse a sí mismo, ha de impedirnos atiborrar su cerebro de todas aquellas ideas particulares nuestras que no son verdades indiscutibles y comprobadas universalmente, aunque sí lo sean para nosotros. Porque, en último término, de proceder en la forma opuesta vendríamos a reconocer en todo el mundo que cree estar en posesión de la verdad y no piensa como nosotros, el derecho a continuar modelando criaturas a medida de sus errores y prejuicios. Y con esto precisamente es con lo que hay que acabar.

Así es como entendemos la enseñanza, ateniéndonos a la sustancia de las cosas, y no a las palabras que pretenden representarla. -*Acción Libertaria*, núm. 20, Gijón, 26 de abril de 1911.-

Poderíamos continuar introduciendo textos mellanos até acabar con toda a sección de pedagogía do *Ideario*, mais imos a limitarnos a achegar unha última parte onde o libertario trata o problema relixioso:

Un niño instruido conforme a los conocimientos verdaderamente científicos, no preguntará probablemente por la existencia de Dios, puesto que ni siquiera tendrá noticia de tal idea. Pero si lo preguntara, el profesor haría bien en demostrarle que en toda la serie de conocimientos humanos nada hay que abone semejante afirmación. Dios es materia de fe o de opinión, todo menos algo probado y que como tal debe enseñarse... -*Acción Libertaria*, núm. 22, Gijón, 12 de mayo de 1911.-

Así de sinxelo o considera Mella e así o argumenta. O lamentable é viaxar neste momento presente ás universidades, escolas ou institutos de todo o mundo e ver que nada do que o vigués -e o movemento ácrata- intentou explicarnos está asumido, de xeito que a ensinanza -dende a primaria até ás universidades- está dominada pola dogmática. Por iso que, con este último texto, chegamos á última parada, -esa que aínda non sabemos cal é-:

(...) Ptolomeo Philadelfo, rey de Egipto, pidió a su maestro, el geómetra Euclides, que hiciese en su favor algo por allanar las dificultades de la demostración científica, en verdad bastante complicada en aquellos tiempos, y Euclides, le respondió: *Señor, no hay en la geometría senderos especiales para los reyes.*

Compañeros: en la ciencia no hay senderos especiales para los anarquistas. -*Acción Libertaria*, núm. 22, Gijón, 12 de mayo de 1911-.

- **Última parada: ¿?**

A última parada ben podería ser un conxunto baleiro porque non sabemos cal será. Así e todo, imos intentar que esta sirva de epílogo a todo o dito até agora e que, ao tempo, vos amose a razón deste texto que xoga con todos os eixos temáticos -sen profundar en ningún-. Ademais de non respectar as linguas propostas para a redacción do mesmo.

Quen isto escribe tivo o pracer de coñecer a Xosé Reigosa, bisneto de Ricardo Mella. Un home miúdo, activista e defensor do ecosistema natural e, con el, do decrecemento. Foi Reigosa un home altamente argumentativo e que irradiaba unha comprensividade que lograba xuntar nunha mesma mesa a vexetarianos con carnívoros ou a comunistas con independentistas e anarquistas. Mais el non se definía como anarquista e tampouco facía saber aos demais que era familiar de Ricardo Mella. Só nunha ocasión, a carón dunha barra e entre cervexas declarárame en baixa voz que el era anarquista, mais que iso era algo que non se podía dicir moi alto. Reigosa morre hai algo máis dun ano e con el moito do movemento social e ecoloxista da cidade perdeu calidade e harmonía.

Os días foron pasando e interesada pola anarquía atopei un libro no catálogo da biblioteca da universidade chamado *Escritos anarquistas sobre educación* que contiña, entre outros, os textos pedagóxicos de Ricardo Mella. Os de Mella parecéronme o mellor do libro e a súa lectura fíxome revivir as argumentacións que Reigosa facía. A miña mente sen querer recordou algo acerca dun problema que a familia de Reigosa tivera cos políticos galegos pola inauguración dun buque que levaba o nome de Urania Mella e entón entendín que tivera o pracer de coñecer a un Ricardo Mella do século XXI, un home avanzado e, como tal, defensor da necesidade de decrecemento. Mais seguía sen entender porque Reigosa non nos falara dos escritos do seu avó nin nos recomendara a súa lectura... e cando o descubrín foi -e é- horroroso.

Reigosa era neto de Urania Mella, unha das fillas máis maiores de Mella que cando foi o levantamento fascista de 1936 en España foi represaliada e o seu marido -Humberto Solleiro- asasinado. Porén, a causa militar -que contén dous folletos propagandísticos orixinais de Ricardo Mella- sinalaba que todo o que tiña de revolucionario o marido era por culpa dela. Membro da "Asociación de Mujeres contra la guerra y el fascismo", Urania exercera en Vigo unha gran actividade político-social, sobre todo, ensinando a ler a mulleres e nenos na Casa do Pobo. Isto, unido ao feito de ser filla de Ricardo Mella e Esperanza Serrano -filla de Juan Serrano Oteiza- condenouna a caer nas garras do fascismo.

Urania é encarcerada no ano 1936 e as súas dúas fillas e os dous fillos son obrigados a quedar ao coidado da familia Solleiro que era favorable ao réxime franquista. Así, estes cativos van crecer escoitando o mala que era a súa nai, que esta non os quería, que os tiña abandonados ou que ela era a culpable da morte do seu pai. Con todo, os homes -que eran máis maiores que as nenas- non o van a crer, pero as pequenas si que, nun primeiro momento, aceptarán esa versión. Case unha década despois Urania sae do cárcere, as súas fillas van visitala mais negan coñecela "yo no te conozco tú no eres mi madre" dille a nai de Xosé Reigosa, Conchita, a Urania. Non terían tempo para rectificar, a súa nai vai morrer antes de que elas poidan pedirlle perdón e recoñecela. O trauma, posteriormente, sería incluso peor cando estas mulleres, Alicia e Conchita, coñezan a verdade sobre a súa nai. O sentimento de culpabilidade de Conchita xa nunca será borrado da súa mente.

Rogo desculpen esta divagación, mais o meu traballo posiblemente non existiría de non coñecer a Reigosa e, posteriormente, a historia da súa familia. Agora sei que el foi un gran lector do seu bisavó -e así como somos o comemos, somos o que lemos-, e só agora son quen de entender o seu silencio. Porén, pese ao seu silencio, el traballou para que –en certa forma-coñecésemos os escritos de Mella dado que a páxina <http://ricardomella.org/> foi iniciativa de el e do seu irmán Anxo e os textos que aí podemos atopar foron picados nunha gran maioría por el mesmo.

Deste xeito, Xosé Reigosa é a razón última e primeira da presentación deste traballo que vai alén de case todos os parámetros propostos pola comisión deste coloquio. Non obstante pareceume interesante ter a oportunidade de compartir esta historia ao tempo que fago revivir a Mella coa lectura dos seus textos. Uns textos e unha figura que encarnan -na miña opinión- a totalidade dos eixos temáticos propostos xa que, alén da ínfima parte aquí mencionada, a produción de Mella tanto nestas materias como noutras –violencia, lexislación, moralidade- penso que daría para facer unha semana de coloquios só arredor da súa obra, moita dela perdida en xornais que quizais logremos atopar xamais. Achegámonos así ao final e, neste punto, gustaríame rematar coa miña propia opinión -como persoa libertaria- acerca da ciencia e da educación:

A ciencia, para min, hoxe, é puro veneno. Motivo de guerra e discordia. Por cada enfermidade que cura, provoca cinco novas. As súas vacinas son un bo negocio, todos os nosos problemas fisiolóxicos son ganancia. Ofrécenos veneno para comer e despois din curarnos. O pequeno cultivo faise imposible, plantan tranxénicos ao carón das nosas leiras e despois queren denunciarnos porque din que estamos cultivando dos seus tranxénicos cando en realidade son eles os que contaminaron a nosa horta. O progreso, o avance, as melloras que a ciencia e a tecnoloxía trouxo consigo só serviu pra facernos máis escravos e escravas dunha vida que somos incapaces de controlar. Mellorou o noso sofá, o noso aseo, a nosa comodidade, porén, as persoas viven, nunha gran maioría tristes...os suicidios multiplícanse e non hai médico nin médica que sexa quen de curar as nosas doenzas...Será, como dicía Mella que non damos curado os problemas que están na base?

Cambiamos de tercio, entramos na tecnoloxía, esa aliada do control. Tecnoloxía que está ao servizo do poder e que máis que comunicarnos e unirmos íllanos nun recinto pechado, nunha dimensión descoñecida. Descoñecemos cal é a persoa que temos de veciña, non sabemos dos seus problemas, apenas nos non nos relacionamos fisicamente. Mais alén das redes tecnolóxico-sociais están as que non vemos, esas que se traducen en crianzas mortas no telexornal do mediodía. Son redes armamentísticas, o maior esforzo dos gobernos, o seu máis grande investimento. Desenvolvemento tecnolóxico centrado en desenvolver armas, aumentar a represión e o control. De feito, gastan tanto en forzas represivas e de "seguridade" que se ven obrigados a recortar en educación. Educación que non busca formar persoas libres senón tan só autómatas con título para desempeñar un traballo que rara vez é dignificante. Na escola, no instituto, na universidade non hai compañerismo, non hai interese, e ninguén fai emerxer os valores dignos. Non te explicarán que existe a anarquía, non é necesario, xa te explicaron e ensinaron o que era o terrorismo. É así de certo e de lamentable.

Até aquí a miña última divagación. Non é simple pesimismo, desculpen, mais son europea. Por sorte puiden pasear por Ecuador e Brasil e sei que non sempre é así, mais temos que recoñecelo: o problema é mundial e leva séculos sendo o mesmo. Poderemos traballar pola revolución social para estar máis contentas e contentos con nós mesmas, porén, non imos solucionar nada. Só a natureza -esa que moitas persoas deprezan e atacan por non darse conta que é ela a que nos alimenta e nos mantén con vida- poderá liberarnos da espiral viciosa en que estamos atrapados e atrapadas. Ante as súas inesperadas decisións -terremotos, furacáns, inundacións- non somos nada, simple carne para a picadora.

Até ese momento, e tal como dicía antes, poderemos gañar pequenas loitas, mellorar o noso entorno co noso propio exemplo ou gozar do tempo amando, lendo, facendo música ou simplemente conectando coa natureza para sentírmonos mellor. Mais temos que ter claro, aínda que non nos guste, que somos escravas dun sistema e dunha vida que nos domina. Lámentoo, mais como Lois Pereiro dicía, "a verdadeira poesía nunca minte por ferinte que sexa".

Saúde, Terra e Liberdade!